

NACIONALISMOS E FEDERALISMOS: A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO FEDERAL NO MARCO DA UNIÓN EUROPEA

Vicente A. Sanjurjo Rivo. Prof. Dr. de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela.

Duración: 10 horas.

Idioma: español.

OBXECTIVOS DO CURSO:

Este curso pretende ofrecer unha formación básica con relación ao federalismo como forma de organización política. Na primeira parte do curso se abordarán as cuestións relacionadas coa teoría xeral do federalismo e mesmo tamén con aspectos históricos relativos á súa orixe e evolución posterior.

Baixo a forma federal se organizan unha grande diversidade de países que, a súa vez, gardan moitas diferenzas entre si dende o punto de vista demográfico, social, económico, cultural, xeopolítico ou de extensión territorial. Sen perder de vista esa gran heteroxeneidade dos países que se organizan de xeito federal, se analizan os elementos comúns a todos eles de orde institucional e funcional e as súas variantes, que a súa vez definen ao federalismo e ás súas distintas modalidades.

Dende o punto de vista metodolóxico, se analizarán ao longo do curso o modo en que esos distintos elementos teóricos e as súas distintas particularidades se plasman no funcionamento dos países que se organizan de xeito federal. Ao respecto, e ante a imposibilidade de abranguer todos os países de corte federal, se reducirá o campo de análise, e por razóns que se xustificarán ao longo do curso, a un grupo de países, sinaladamente, Estados Unidos, Australia, Brasil, México, Alemaña, Bélxica e España.

A globalización leva aparellada a formación e consolidación de organizacións de ámbito supraestatal que pretenden dar resposta aos novos retos que aquela presenta. Aínda que na súa orixe respondeu a outro tipo de necesidades, se analizará a Unión Europea como forma de organización federal difusa, e os problemas de integración que comporta para os países membros que comparten estruturas de tipo federal.

A pesar da súa expansión e do seu éxito como forma de organización política, o federalismo non está exento de riscos. Se estudarán algúns dos más significativos, e entre eles e de forma moi sinalada, os desafíos nacionalistas á unidade federal. Neste senso, se fará unha pormenorizada análise do caso de Cataluña e o denominado problema catalán.

TEMARIO

I.- Teoría constitucional do federalismo

- 1.- A natureza do Estado federal
- 2.- Estado federal, confederación de Estados e Estado rexional
- 3.- A diversidade de Estados federais

II.- Orixe e expansión do federalismo

- 1.- A experiencia fundadora: os Estados Unidos de Norteamérica
- 2.- O federalismo unificador
- 3.- O federalismo descentralizador

III.- O Estado autonómico español: ¿unha modalidade de Estado federal?

- 1.- A construcción do Estado autonómico español
- 2.- O Estado autonómico e os nacionalismos periféricos
- 3.- En particular, o caso catalán: o proceso soberanista
 - 3.1.- Antecedentes
 - 3.2.- A "consulta" de 9 de novembro de 2014
 - 3.3.- O proceso soberanista tras as eleccións do 27 de setembro de 2015
 - a) Declaración de inicio do proceso de independencia aprobada polo Parlamento de Cataluña, de 9 de novembro de 2015
 - b) O proceso de construcción do Estado catalán
 - c) Convocatoria de referendo para 2017
 - i) *A resposta do Tribunal Constitucional*
 - *STC 51/2017, de 10 de maio. Recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do Parlamento de Cataluña 4/2010, de 17 de marzo, de consultas populares por vía de referéndum.*
 - *STC 114/2017, de 17 de outubro. Recurso de inconstitucionalidade frente a Lei 19/2017, de 6 de setembro, do referéndum de autodeterminación.*
 - *STC 124/2017, de 8 de novembro. Recurso de inconstitucionalidade respecto da Lei do Parlamento de Cataluña 20/2017, de 8 de setembro, de transitoriedade xurídica e fundacional da República. Nulidade de esta Lei autonómica que pretende «dar forma xurídica, de forma transitoria, aos elementos constitutivos básicos do novo estado» resultante da declaración unilateral de independencia polo Parlamento de Cataluña (STC 114/2017).*
 - ii) *A resposta do Goberno: Aplicación do artigo 155 CE*

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- AJA, E., (2014): *Estado autonómico y reforma federal*. Madrid: Alianza Editorial.
- ALBERTINI, M. et al, (1979): *Il federalismo*. Bologna: Il Mulino.
- BEER, S., (1993): *To Make a Nation. The Rediscovery of American Federalism*. Cambridge-Massachusetts: The Belknap Press of Harvard University Press.
- BIRD, R. A., (1986): *Federal Finance in Comparative Perspective*. Toronto: Canadian Tax Foundation.
- BLANCO VALDÉS, R. L., (2012): *Los rostros del federalismo*. Madrid: Alianza Editorial.
- BURGESS, M., (2006): *Comparative Federalism in Theory and Practice*. London: Routledge.
- CRUZ VILLALÓN, P., (1982): «La estructura del Estado o la curiosidad del jurista persa», *RDUCM*, núm. 4: 53-63.
- DUCHACEK, I., (1987): *Comparative Federalism*. Lanham: University Press of America.
- ELAZAR, D. J., (1994): *Federal Systems of the World. A Handbook of Federal, Confederal and Autonomy Arrangements*, 2.^a ed. London: Longman.
- FLÓREZ TURRADO, F. J., (2012): *¿Hacia un Estado autonómico desconstitucionalizado? El futuro del modelo territorial español en el marco de la integración europea*. Oñati: Instituto Vasco de Administración Pública.
- GRIFFITHS, A. Y NERENBERG, K. (eds.), (2002): *Handbook of Federal Countries*. Montreal-Kingston: McGill Queen`s University Press.
- HAMILTON, A; MADISON, J. y JAY, J., (1957): *El federalista*. México: FCE.
- RUBIO LLORENTE, F., (1993): *La forma del poder*. Madrid: CEC.
- TARLTON, CH. D., (1965): «Symmetry and Asymmetry as Elements of Federalism: a Theoretical Speculation», *The Journal of Politics*, 27 (4): 861-874.
- TUDELA ARANDA, J. y KNÜPLING, F. (eds.), (2010): *España y modelos de federalismo*. Madrid: Fundación Manuel Giménez Abad, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- WATTS, R. L., (2006): *Sistemas federales comparados*. Madrid: Marcial Pons.